

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO
CURSO: 5º EP
MATERIA: PLÁSTICA
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>As Instrucións do 27 de abril de 2020 (<i>criterios de avaliación de Educación Primaria</i>) establecen que “a avaliación e cualificación adaptárase, tendo en consideración que o traballo do alumnado nesta <u>terceira avaliación</u> centrarse especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo” (tal e como se establece nos criterios de avaliación de Educación Primaria).</p> <p>Tendo en conta isto, o traballo do terceiro trimestre centrarase na consolidación dos mínimos traballados e no afondamento daqueles que non foron impartidos de maneira presencial. Este traballo terá presentes as diferentes posibilidades horarias, tecnolóxicas e de apoio ao alumnado.</p> <p>En base a isto, estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">• Mostra interese polos aprendizaxes e tarefas propostas.• Participa nas propostas plantexadas dentro das súas posibilidades.• Consolida aqueles estándares xa traballados previamente. <p>Segundo o recollido nas Instrucións do 27 de Abril de 2020, partírase das seguintes premisas:</p> <ul style="list-style-type: none">- <i>“A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas”.</i>- <i>“Realízase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado”.</i> <p>Teremos tamén en conta o recollido na orde do 9 de xuño de 2016, onde se establece que:</p> <ul style="list-style-type: none">• <i>“a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave”.</i> <p>Instrumentos:</p> <p>Partírase da observación sistemática directa da actividade educativa (análise das tarefas realizadas de maneira virtual).</p> <p>Cabe destacar que as familias envían as producións do alumnado mediante email á mestra, procedese á súa corrección e envíase dita corrección empregando a mesma canle de comunicación.</p>
Cualificación final	<p>En base ao marco legal que regula a avaliación na nosa comunidade educativa establecemos os seguintes criterios para o cálculo da cualificación ordinaria:</p> <ul style="list-style-type: none">• A nota base do alumnado será a resultante dos resultados obtidos durante o primeiro e o segundo trimestre na seguinte proporción:<ul style="list-style-type: none">• 40% do total resultado da cualificación obtida no PRIMEIRO TRIMESTRE• 60% do total resultado da cualificación obtida no SEGUNDO TRIMESTRE.

	<ul style="list-style-type: none"> • En base aos criterios de cualificación establecidos o alumnado poderá mellorar a cualificación ata un 10% se o docente considera que o rendemento é positivo. • Sempre se terán en conta as posibilidades e circunstancias de cada un dos alumnos e alumnas.
Proba extraordinaria de setembro	NON PROCECDE
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1º e 2º avaliación.
	Criterios de cualificación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1º e 2º avaliación.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Procedemento ordinario segundo os resultados obtidos na 1º e 2º avaliación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades variadas e lúdicas: Debuxos, Collages, Manualidades, Xogos con cores, Papiroflexia, Vídeos explicativos, Xogos online, retos, recetas... Propóñense varias actividades pero poden facer outras que eles consideren. Ademais, o auxiliar de conversa tamén propón actividades tales como receitas de cociña, origami....
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Cada semana colgarase tanto no blogue “English Amoeiro” como en Classroom Google unha actividade diferente que consistirá en debuxar, pintar, recortar, facer unha manualidade, facer un xogo online, facer un reto, unha receita de cociña... Terán toda a semana para realizar a actividade e poder mandala por correo electrónico á mestra.
Materiais e recursos	Ordenador, tableta ou móbil con conexión a Internet ou datos. Papeis e pinturas e outros materiais escolares (tesoiras, pegamento...).

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado por diferentes medios segundo os recursos da familias; páxina web, blogue English Amoeiro, correo electrónico, whatsapp, abalar,
Publicidade	Páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO CURSO: 5º EP MATERIA: PLÁSTICA
---	---------------	--